



CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA

Presentación e defensa dun proxecto.

O persoal aspirante que superou a primeira proba deberá presentar perante a comisión de avaliación, no prazo que esta establece un proxecto de traballo no que desenvolverá os seguintes aspectos, tendo en conta as funcións e atribucións da inspección educativa:

- I. Estratexias de supervisión e acompañamento na atención á diversidade nos centros educativos.
- II. Estratexias de mediación en conflitos nos centros docentes.
- III. Estratexias de liderado pedagóxico.

O proxecto terá unha extensión máxima de 15 folios, formato DIN-A4, escritos a unha soa cara e dobre espazo interlineal, con letra tipo Arial ou Xunta Sans, sen comprimir, tamaño de 12 puntos. A portada e a contraportada non computarán na extensión máxima pero si computará o índice.

Resultará excluído do procedemento o persoal aspirante cuxo proxecto non se axuste ao establecido.

O persoal aspirante que faga a entrega deste proxecto será convocado para a defensa do mesmo ante a comisión. A persoa aspirante disporá dun máximo de vinte minutos para a exposición oral e, unha vez terminada, a comisión de avaliación poderá formular as preguntas ou aclaracións que considere pertinentes durante un período máximo de 10 minutos.

A cualificación correspondente ao proxecto e á defensa será de 0 a 10 puntos. A puntuación mínima para poder considerarse superada esta proba e poder acceder á fase de méritos será de 5 puntos.

No caso de que a persoa aspirante non presente o proxecto e/ou non realice a defensa do mesmo cualificarase con 0 puntos esta proba.





CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. **Calidade do proxecto (o documento)-** Ponderación 30 %

- Claridade, coherencia e organización.
- Desenvolvemento de todos os aspectos de xeito estruturado.
- Contextualización e precisión nas referencias normativas.
- Adecuación normativa e viabilidade das propostas
- Rigor científico e técnico. Linguaxe técnica específica.

2. **Defensa do proxecto-** Ponderación 70 %

- **Calidade da exposición oral:** 25 %
 - i. Estrutura e organización: Secuencia coherente e ordenada.
 - ii. Tratamento equilibrado e abordaxe de todos os apartados
 - iii. Capacidade de argumentación e contraargumentación.
 - iv. Habilidades comunicativas
 - v. Dominio do tema, interiorización e desenvolvemento persoal das propostas.
 - vi. Fluidez na exposición, fuxindo dunha reprodución memorística ou mecánica.
- **Rigor técnico e adecuación á normativa:** 25 %
 - i. Contextualización e referencias normativas precisas.
 - ii. Adecuación ás funcións e atribucións da inspección educativa
 - iii. Viabilidade e fundamentación das propostas.
- **Manexo das preguntas da comisión:** 20 %
 - i. Precisión e coñecemento da resposta.
 - ii. Seguridade e consistencia.
 - iii. Dominio de habilidades e técnicas de cara á función inspectora.
 - iv. Rigor, actualidade e precisión nas citas e referencias.

O presidente da comisión avaliadora
Asdo. José Carlos Barros Pardo.

A secretaria da comisión avaliadora
Asdo. María Bóveda González

